

## ENCONTROS SECTORIAIS

**Cooperativas: Asesorías e Consultorías**

**22 setembro de 2023 - Online**

[ PROGRAMA ITINERARIO DE INTERCOOPERACIÓN 2023 DE ESPAZOCOOP ]

<b>DATA REALIZACIÓN</b>	Venres 22 de Setembro de 2023	<b>DURACIÓN</b>	2 horas
<b>HORARIO</b>	09:00 – 11:30 horas	<b>INSCRIPCIÓN</b>	<a href="#">Neste formulario</a>
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	Formato virtual (Zoom)		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Teresa Balado Barciela Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	<b>TELÉFONO</b>	607698239
		<b>E-MAIL</b>	teresa@espazo.coop

### FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Xerar e concretar proxectos innovadores ou de co-creación, e procesos de intercooperación, entre aquelas cooperativas e outras entidades de ESS interesadas en ser promotoras dos mesmos, concretamente para as cooperativas da sectorial de Asesorías e Consultorías, e aquelas que pertencen a [Marca EXPERTCOOP](#).
- Afondar na posibilidade de xerar maior valor engadido da **Marca EXPERTCOOP**.
- Análise e detección de necesidades e oportunidades compartidas.
- Xerar un espazo de coñecemento mutuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.
- Fomentar a co-creación de proxectos de intercooperación.
- Afondar en temáticas de interese para as cooperativas do sector.

### PROGRAMA – CONTIDOS

09.30 h. **Benvida e presentación das persoas e cooperativas participantes. Presentación do marco xeral do programa Itinerarios de Intercooperación, edición 2023.**

09.45 h. **Presentación da Estratexia Galega de Economía Social 2023 e a oportunidade de ExperCoop nun contexto de colaboración e intercooperación.**

10.30 h. **Dinámica participativa : Análise da situación actual da Marca: Revisión e diagnose . Oportunidades e barreiras de entrada. [Cuestionario de análise previo sobre a revisión da marca](#)**

11.00 h. **Plenario de recollida de achegas , próximos pasos e peche do encontro.**

### METODOLOXÍA

Os Encontros desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o intercambio entre as persoas asistentes. Realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión. Neste Encontro abrírase un espazo para formular preguntas, comentarios e tirar conclusións sobre a situación do cooperativismo nos sectores de referencia, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do programa.

### DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop preferentemente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).



**Actividade realizada co apoio da:** Rede Eusumo – Programación 2023. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social, conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.